

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTAS ANTERIORES

Apróbanse as actas referidas unha vez feitas as aportacións polas organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DO CONCURSO DE DIRECCIÓN DO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DE OURENSE.



No artigo 1 consideramos que debe incluírse no último parágrafo “capacidade, transparencia, obxectividade en non discriminación”

No artigo 3.2.b) consideramos que se debe ser máis específico nos contidos que debe incluír o proxecto de dirección (incluír aspectos como análise da realidade do centro, organización residencial, igualdade, violencia de xénero, igualdade). Deben incluírse tamén criterios claros de valoración e unha rúbrica. **A Administración resposta que non vai incluír rúbrica.** Nos aspectos formais do proxecto de dirección debería especificarse se se inclúen anexos, criterios de formato para táboas e gráficos.

No artigo 6.4 insistir na idea de que deben engadirse criterios de avaliación do proxecto. Solicitamos, así mesmo, a eliminación da entrevista. No caso de que se mantéña consideramos que debe indicarse claramente e con claridade que aspectos poden ser susceptibles de aclaración para facer precisa dita entrevista. Tamén deben establecerse cuestións como a duración da mesma, o peso dentro da decisión final, contido da entrevista, criterios de valoración...

No artigo 6.6 solicitamos que se notifique ás persoas aspirantes a publicación das puntuacións no taboeiro de anuncios e solicitamos que a publicación das puntuacións se faga de xeito desagregado por apartados.

No artigo 7 solicitamos que se indique, de xeito expreso, que a persoa candidata seleccionada será a que obteña maior puntuación global.

No artigo 9.1 solicitamos que se aclare quen avalía a renovación do cargo, con qué criterios e mediante que procedemento.

En relación ao baremo, e aínda entendendo que se trata dun baremo unificado con outras convocatorias consideramos que debería incluírse un subapartado específico onde se valoren cuestións concretas relacionadas co posto ao que se aspira como pode ser a coordinación de residencia, a formación específica en cuestións como convivencia, igualdade, mediación, inclusión, atención á diversidade. Consideramos así mesmo que o peso do apartado de antigüidade é moi elevado en relación ao resto do baremo. Abogamos por baixar dito peso global ou, no seu defecto, aumentar o peso de funcións directivas que poden estar máis relacionadas co posto.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DO CALENDARIO ESCOLAR 2026-2027



ANPE considera que novamente se perde unha oportunidade de facer unha análise profunda do Calendario Escolar para tratar de equilibrar os trimestres (71, 49 e 57). O total, a falta de coñecer os días festivos establecidos no calendario laboral de Galicia para o ano 2027, son 177 días lectivos.

ANPE Galicia demanda volver aos 175 días lectivos. Denunciamos que a Consellería, de xeito unilateral,

estableceu o curso pasado 176 días. Se a Administración persiste na idea de manter esta duración, desde ANPE trasladaremos que é unha decisión unilateral da Administración. ANPE considera que, de volver aos 175 días, se deben establecer como non lectivos os días 7 e 8 de xaneiro de 2027, ou ben o día 7 de xaneiro e rematar as actividades lectivas antes do 21 de xuño.

ANPE demanda novamente, como fai sempre, que o calendario escolar sexa de obrigado cumprimento para TODOS os centros que impartan ensinanzas oficiais xa que hai centros privados que non cumpren o calendario escolar o que é inaceptable para os que defendemos exclusivamente o ensino público.

Demandamos novamente a restitución da xornada reducida en xuño e setembro, xornada que non pode estar supeditada aos requerimentos do transporte.

Demandamos flexibilización no inicio do curso na Formación Profesional. **A duración en horas dos ciclos formativos está establecido e os centros deben ter flexibilidade para organizarse.**

Tamén debe flexibilizarse a **data de entrega das programacións didácticas.**

ANPE manifesta o seu desacordo coa duración do período de adaptación. **A Administración non modificará a duración deste período.**

No artigo 7 demandamos que se modifique a redacción para os centros de menos de 3 unidades e se poña “solicitarán” en lugar de “poderán solicitar”. **A Administración modificará a redacción neste sentido.**

ANPE Galicia non entende porqué na orde do calendario escolar se inclúe un artigo (artigo 15) que faga referencia ao horario do profesorado que ten a súa regulación propia.

En relación á disposición derogatoria única apartado 4 consideramos que non debe derogarse a Orde completa senón aqueles aspectos que teñan que ser derogados. De todos os xeitos, demandamos que conste en acta a intención da Administración de manter o complemento de función titorial para todo o profesorado.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: RESOLUCIÓN CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, DA DIRECCIÓN XERAL DE INNOVACIÓN E ORDENACIÓN EDUCATIVA E DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE A XORNADA SEMANAL DO PERSOAL DOCENTE NO CURSO ACADÉMICO 2026-2027.



Hoxe é un gran día para o ámbito educativo en Galicia. **Levabamos moitos anos reclamando**, xa fora pola vía mobilizadora, como nas mesas de negociación, **o retorno ao horario lectivo anterior á crise para as etapas de ensino secundario** Unha das principais reivindicacións no noso programa coa que concorremos ano tras ano as eleccións. A medida que puxo de acordo a todas as organizacións sindicais na última folga con unidade sindical alá por **decembro de 2019.**

Por todas esas razóns **sorprende escoitar o rexeitamento de tan importante conquista** por parte dalgunha organización sindical. **A proposta que recolle o borrador a tratar hoxe converte a Galicia na comunidade autónoma co mellor horario lectivo** (18 períodos de 50 minutos, 900 minutos lectivos semanais) **e de permanencia fixa semanal** (23 períodos lectivos de 50 minutos).

- a) A redución do horario lectiva **suporá centos de docentes máis para os centros galegos o curso** que ven ao incrementarse os cupos de profesorado froito de tal redución.

b) A redución horaria lectiva en secundaria e a recuperación do horario anterior á crise que recolle este borrador, foi a **primeira reclamación da táboa reivindicativa das organizacións que convocaron ata seis xornadas de folga só este curso.**

Ante a afirmación de que outras OOSS foron apartadas das negociacións podemos dicir, como organización sindical asinante do Acordo de Medidas, que **a totalidade de organizacións con representación puideron estar presentes no diálogo que se levou a cabo na comisión de seguimento do Acordo de Medidas de Mellora** que deu lugar a esta proposta que inclúe o borrador, e simplemente non quixeron. **Preferiron seguir coas mobilizacións de forma totalmente lexítima**, a pesar de que con transparencia absoluta lles comunicamos que estabamos en camiño de chegar a bo porto na comisión de seguimento. CSIF nese momento de feito decidiu incorporarse ao acordo. Acordo que sigue a desenvolverse e que seguirá a facelo, non temos ningunha dúbida, nos próximos cursos.

Esta proposta de redución horaria que se nos presenta hoxe na Mesa Sectorial **ten a súa orixe polo tanto no propio Acordo de Medidas de Mellora**, en concreto na base 3, e é froito dun esforzo de responsabilidade por parte das organizacións asinantes. **O camiño fácil**, ao ver que pasaban os meses e que non se avanzaba no desenvolvemento do acordo **houbera sido levantarse da mesa da comisión de seguimento e convocar mobilizacións**. Moitas horas de reunións onde se acumulaba a impaciencia e a frustración, pero cun obxectivo claro, recuperar o horario que tiñamos antes da crise. **Decidimos por tanto, facer o máis difícil, non levantarse da mesa ata conseguir ese obxectivo, demostrando que co diálogo, sentados nunha mesa, pódese conseguir calquera cousa**, sempre que haxa vontade de conseguilo.

Por todo o dito, non debe estrañar a ninguén que a nosa **valoración** do borrador que se nos presenta, non **pode ser máis que positiva**, polas seguintes razóns concretas que iremos desgranando:

- A proposta **respecta as liñas vermellas** que presentamos no diálogo na comisión de seguimento do Acordo por parte da totalidade de organizacións asinantes: **18 sesións lectivas e 23 de permanencia fixa**, co que podemos dicir que pasamos a ter o mellor horario do Estado. As 2 sesións anteriormente lectivas, que pasan das 20 as 18, poderán ser adicadas **a gardas e outras actividades non lectivas en función das necesidades dos centros**. A proposta fortalece entre as actividades lectivas a atención a diversidade reforzando apoios, agrupamentos e codocencia. Importancia de que a codocencia non supón cotitularidade da materia, nin obriga a facer programación, seguimento da mesma.
- **Excepcionalmente se podería superar**, de forma motivada, **as 18 sesións lectivas** ata un máximo de 20, **pero con compensación a razón de 2 horas complementarias fixas por cada lectiva**, ata que se esgoten as fixas, e a partir de aí, con horas complementarias non fixas. Excepcionalidade que xa se recollía na diferente normativa de horarios anteriores a 2012, pero sen compensación de ningún tipo. No proxecto de lei estatal de horarios e rateos recóllese pero sen concretar con que complementarias se compensa, non contemplando redución de horas de permanencia fixa.
- **O borrador froito do diálogo recolle que primeiro se compensa co dobre de complementarias fixas e só tras esgotarse se procederá a compensar con non fixas**. Desta forma, os docentes que teñan 19 sesións lectivas só terían 21 horas de permanencia (antes do acordo 20 lectivas e 23 de permanencia), e os que teñan 20 sesións lectivas, se marchan para a súa casa ao acabar clases e non terán que facer ningunha hora máis de permanencia (antes 20 lectivas e 23 de permanencia), e ademais deberán compensarlles cunha hora complementaria non fixa. Polo tanto, melloramos con esta proposta que pasa hoxe por

mesa a situación anterior á crise, polo que a nosa valoración non pode ser máis positiva.

- **En caso de impartir materias afíns**, o borrador recolle tamén unha petición nosa: que **non se poderán superar os 18 períodos lectivos** en ningún caso, salvo que acepte o docente voluntariamente (antes do acordo 20 horas lectivas). Esta medida foi proposta para recoñecer o esforzo e o traballo que debe asumir o persoal docente que ten que impartir materias afíns.
- Outra liña vermella no dialogo que mantivemos na comisión de seguimento foi que os **titores/as tiñan que ter un recoñecemento en horas lectivas** para axudar a realizar a súa labor, polo que **valoramos moi positivamente a incorporación dunha redución lectiva semanal a todas as persoas que asuman unha titoría**. Desta forma os titores pasan de ter 20 horas lectivas e ningunha sesión lectiva de adicación á súa titoría a un máximo de 17 sesións máis unha hora lectiva de titoría.
- **Os equipos directivos ven incrementadas as súas asignacións horarias semanais** en 8 horas semanais en total (2 horas por cada membro do equipo), nos Institutos tipo A, B e C, e 6 períodos lectivos nos D. A medida busca que coa redución horaria non se lle vexa incrementado o seu horario en outra actividades que non sexa a función directiva e podan adicar ao cargo as horas de redución horaria lectiva **para facer mellor a súa labor, buscando incrementar o atractivo da función directiva**.
- **Reducións horarias para Xefes/as de Departamento:** A proposta busca adaptar as reducións horarias á redución de tarefas nos últimos anos das xefaturas de departamento, xa que hai que considerar que boa parte das funcións dos xefes/as de departamento traspasáronse co tempo ao profesorado integrante do mesmo (elaboración e

seguimento de programacións, atención a materias pendentes, etc).

- **Garántense as xefaturas de departamentos non unipersoais, unha redución lectiva semanal xunto con horas complementarias fixas que estime o centro**, liberándoos de parte ou de todas as gardas. Redución lectiva que antes non estaba garantida. Ao mesmo tempo, a redución lectiva pode ser maior en función do tamaño do departamento.
- **En canto a departamentos unipersoais** a compensación pasa a ser complementaria non fixa, aínda así a situación mellora xa que pasamos dunha situación anterior de 19 sesións lectivas e 1 xefatura de departamento (que non estaba garantida, xa que se falaba de “ata 1 período lectivo”) a 18 lectivas e 1 complementaria fixa menos (un garda).
Polo tanto, **ningún xefe/a de departamento empeora a situación con respecto ao horario lectivo coa nova proposta**, se non que a maioría melloran, agás os que tiñan tres sesións lectivas, que seguen igual. Da mesma forma a proposta abre a porta a que se lle reduzan parte ou a totalidade de gardas en función da dispoñibilidade do centro.
- **Garántese redución lectiva semanal para a totalidade de coordinacións e dinamizacións, que antes non estaba asegurada**, xunto con horas complementarias fixas dependendo da coordinación, liberándoos de gardas; polo que a **asunción de responsabilidades pasa a ter recoñecemento**. Algunhas coordinacións terán ata dous períodos lectivos e horas complementarias fixas como a de convivencia e benestar para que poda cumprir coas súas funcións.
- **Flexibilidade nas ensinanzas de FP para os centros que teñan esas ensinanzas**. Os CIFP e as Ensinanzas de Réxime Especial non se ven afectados por esta medida e manterán as súas reducións que viñan sendo habituais

Independientemente desta valoración positiva, temos por suposto **alegacións concretas a aspectos puntuais do borrador** que compartimos as organizacións asinantes, tres presentes nesta mesa, ademais de CSIF:

- No apartado segundo, no subapartado 1 é preciso **incorporar de forma expresa tamén ao profesorado de ensinanzas de adultos**, xa que nas visitas a este tipo de centros o profesorado desta etapa nos transmiten temor de quedar fora.
- Neste mesmo apartado debe especificarse que a **duración das sesións lectivas e complementarias fixas serán como máximo a que tiveron por cada tipoloxía de centro no curso 2025/2026**.
- No terceiro apartado queríamos que se incluíra que a **compensación do horario por superar 18 períodos lectivos por dúas horas complementarias por cada lectiva**, que **tales horas descontaríanse das de permanencia fixa semanal**, de forma que o que teña que asumir **19 horas lectivas terá 21 horas de permanencia** (unha garda e unha hora de atención pais/nais/alumnos), así como, o docente que teña que **asumir 20 horas lectivas, non terá que asumir máis horas de permanencia fixa semanal**.
- Consideramos que para clarificar mellor esta cuestión a Administración **debería incluír aquí un cadro explicativo** coas diferentes situacións por superar de forma extraordinaria os 18 períodos lectivos.
- Solicitamos finalmente neste punto que se inclúa que **para superar de forma excepcional as 18 sesións lectivas sería preceptivo o informe de conformidade de Inspección Educativa** autorizando dita medida excepcional.
- En canto á **hora de atención a familias** recollido no artigo 4, **debe regulamentarse para os casos puntuais que profesorado este a 20 períodos lectivos que esta se realice de forma telemática**, xa que non ten máis obriga de permanencia fixa semanal ese docente no

centro. Neste caso, sería necesario derrogar así o artigo 68 da Orde de 1 de agosto de 1997.

- Neste mesmo apartado 4, **debería eliminarse a frase “con carácter xeral”**, para evitar que haxa direccións que non respecten a hora de atención a familias ou alumnado.
- Debería detallarse tamén neste apartado 4 que as actividades que se poderían desempeñar en lugar de gardas serían **actividades sempre non lectivas**.
- **Solicitamos a eliminación da última frase antes do apartado 5 relativo ao computo semanal das gardas**. A maioría dos centros en función das súas dispoñibilidades horarias están computando na actualidade as gardas ou como unha garda por sesión (en canto a gardas de clase), ou como dúas gardas igual a unha sesión (en canto a gardas de recreo ou transporte), sen máis problema. **Polo que consideramos que esta frase vai crear un problema que actualmente non había** (xa que podería darse a situación paradóxica de que se as gardas de transporte duran 12 minutos ou menos, con esta redacción as cinco gardas de toda a semana de inicio de actividades lectivas sería unha sesión e as cinco de saída outra sesión).
- A frase anterior ao punto 6, sobre a **obligatoriedade profesorado de asistir presencialmente ou telematicamente ás actividades consideradas como complementarias non fixas nos parece que non fai falla explícito**. É parte do horario de permanencia no centro, neste caso cae de caixón que cando a persoa sexa debidamente convocada deberá asistir e se non asiste deberá xustificar a súa asistencia. **De manter o parágrafo debe explicitarse que a asistencia é obrigatoria se se trata unicamente da tipoloxía de actividades recollidas nese apartado 5**.
- Na base terceira, **sobre a asignación horaria para equipos directivos, deberían incluírse os centros CPI**

e centros EPAPU e EPA. Os CIFP e outros centros de ensinanza de réxime especial consideramos que non deberían ser incluídos, xa que a adicación horaria dos equipos directivos dos CIFP e centros ensinanza de réxime especial soe ser máis vantaxosa, respondendo á súa singularidade propia.

- Xa que hai centros educativos que hoxe están encadrados en tipoloxías que non lle corresponde por número de alumnado, consideramos que debería incluírse nesta base 3 que **en caso de discordancia entre número de alumnado e categoría recoñecida, prevalecerá o máis vantaxoso para o equipo directivo.**
- No punto 2 da base 3 sobre as xefaturas de departamento **deberían incluírse tamén os centros EPA e EPAPU.**
- **No que respecta á redución horarias de xefatura de departamento, en canto a departamentos unipersoais,** deberían incluírse unha redución lectiva en caso de departamentos con moitas horas lectivas e con moito alumnado. Non é o mesmo unha redución complementaria fixa para un xefe de departamento que conte con poucas horas lectivas no mesmo, que outros departamentos, que aínda que unipersoais, a carga lectiva de clases é maior e que atenden a maior alumnado.
- **No resto de departamentos,** propomos a seguinte redacción “disporán dunha hora lectiva semanal, e, adicionalmente, poderán dispoñer das sesións do horario complementario fixo que determine o centro”.
- **En caso de departamentos de maior tamaño,** habería que engadir tanto “horario lectivo e complementario fixo” no caso da asignación a este tipo de departamentos.

- No punto 3 sobre coordinacións e dinamizacións consideramos que **deberían incluírse que serían acumulables con outras reducións horarias,** aínda que entendemos que é unha obviedade.
- **Neste punto como no resto deberían incluírse tamén ao persoal que imparte etapas de secundaria e bacharelato,** polo tanto EPAPU/EPA e CPI.
- Neste apartado consideramos que é un **erro non dar horas de redución as persoas que imparten seccións bilingües,** con dúas finalidades, que fagan atractiva a impartición de seccións bilingües e por outro lado para coordinarse co coordinador de seccións bilingües e centros plurilingües.
- **Non entendemos que non este recollida a posibilidade de horas de redución para os membros de equipo de bibliotecas (NON Plambe),** mentres que si que está recollida para o equipo de bibliotecas que este en Plambe. Polo que entendemos que debe estar recollido en ambos tipos de equipos.
- Como no caso anterior, **non entendemos porque só se recolle a posibilidade de asignación horaria aos membros de equipos de TIC so no apartado dos centros que conten con EDIXGAL con máis de 150 alumnos.**
- **Solicitamos que tamén se estableza a asignación horaria a coordinación EDIXGAL con centros de menos de 150 traballadores/as.**
- No subapartado I sobre coordinación de programas internacionais **deberían incluírse tamén aqueles que en moitos centros están desempeñando a función coa denominación de “responsables”.**
- No subapartado m, **eliminar o s que sobra na palabra equipos.**

- **Engadir coordinacións que faltan:** coordinador/a do club de ciencia, coordinador/a de formación e coordinador do “Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables”.
- **No apartado 4 consideramos que en ciclos de FP, sobre todo en FP Básica, que se debería respectar a singularidade desta etapa en canto a redución horaria de titores, considerando ademais que na Orde de desenvolvemento de ROC de IES se recollía a “posibilidade de ata tres horas de redución”.**
- **No apartado 5, tal e como está encadrado ese parágrafo parece que a autonomía dos centros con elevada oferta de FP só se aplica a complementarias fixas e non a lectivas, polo que pedimos que se incorpore tamén referencia a autonomía en asignación de horas lectivas tamén como complementarias fixas.**

En definitiva, a proposta consensuada coas organizacións sindicais asinantes do Acordo de Medidas de Mellora que se inclúen neste borrador supón que Galicia pasa a ter **as mellores condicións de horario en ensinanzas de secundaria tanto en horario lectivo, como en horario de permanencia fixa semanal.** Redución de horario lectivo que suporá un **incremento previsible de centos de docentes** en secundaria., bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial a partir do 1 de setembro.

A Administración estudará as propostas presentadas e incorporará as que considere acaídas. Presentará un documento final ás organizacións sindicais para ser asinado, como Addenda ao Acordo, por aquelas que o queira facer.

5º PUNTO DA DO DÍA: ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA FINANCIAR OS GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NON UNIVERSITARIO, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2026 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO ED303A)



Valorar positivamente que se recolla explicitamente que o orzamento é froito do recollido no Acordo de Melloras asinado por ANPE e outras **organizacións** sindicais.

No artigo 6 consideramos que debería aumentarse o alcance das axudas e incluír de xeito total ou parcial os gastos de aloxamento e dietas de mantenza (neste último caso aínda que sexa de xeito limitado e sempre coa debida xustificación documental). Tamén debería aumentarse a posibilidade de solicitar axudas para máis de 2 actividades se hai remanente. **A Administración acepta estas propostas. Engadirá mantenza e aloxamento e ampliará a 3 o número de actividades que se poden solicitar.**

No artigo 7.a) desde ANPE consideramos que se deben engadir as actividades que teñan por obxecto a actualización científica e pedagóxica das especialidades docentes. No mesmo artigo apartado b fálase de actividades que teñan interese para as necesidades do centro educativo. Solicitamos aclaración sobre os criterios que determinarán cal é ese interese.

No artigo 8 consideramos que as contías das axudas non están adaptadas a realidade actual do ano 2026 e deberían aumentarse, especialmente no caso de actividades no territorio español e no estranxeiro.

No artigo 11, punto 1 A apartado c), no caso de actividades realizadas no estranxeiro fálase de entidades que contén con prestixio acreditado polas autoridades educativas do respectivo país, o que é totalmente subxectivo.

No mesmo artigo 11. A apartado d) consideramos que a memoria, tal e como establecida, supón unha excesiva carga burocrática e, en todo caso, desproporcionada que pode ter como consecuencia a desmotivación do profesorado á hora de solicitar as axudas. Demandamos que se reduza, en todo caso, a extensión da memoria.

No artigo 16 punto 5 solicitamos a presenza sindical na comisión de valoración como xa se facía anteriormente.

No artigo 17 punto 4 consideramos que debe eliminarse o criterio de orde de entrada da solicitude. Solicitamos que, nese caso, sexa por sorteo público.

Neste mesmo punto non se recolle a posibilidade de renuncias voluntarias por parte dos solicitantes e como facer reasignación nese suposto. **A Administración resposta que estudarás como redactar esta cuestión que, de facto, xa se está facendo.**

No artigo 23 hai un erro xa que se fai referencia á data do 5 de decembro de 2025 cando debe ser o 5 de decembro de 2026.

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.



- Solicitamos que a Administración educativa galega e o Ministerio resolvan a problemática cos auxiliares de conversa. Solicitamos tamén información sobre o programa PROA tras o anuncio feito polo Consello de Ministros de a dotación de 90 millóns para a comunidade galega. **A Administración resposta que o Ministerio trasladou nunha reunión recente que ten un acordo co Ministerio de Traballo, pero dito Acordo parece non estar pechado. A Administración galega defende que os auxiliares de conversa non deberían ter unha vinculación de carácter laboral. A Consellería o que quere é seguridade para non verse exposto a sancións.**
 - En relación aos procedementos selectivos solicitamos que se faga un maior esforzo para que as adaptacións de tempo e medios cheguen de maneira efectiva aos tribunais.
 - ANPE demanda que se aborde a redución da xornada semanal ás 35 horas semanais no ámbito educativo.
 - ANPE demanda o establecemento do 6º sexenio para o profesorado galego.
 - En relación ao CADP demandamos que se faga o traballo necesario para que saían todas as vacantes que deben saír. No caso de que saían vacantes posteriores deben contar con xustificación para que esas vacantes sexan as mínimas posibles e sempre casos excepcionais debidamente xustificadas. Tamén debe darse unha solución no CADP ao tema das Cátedras de conservatorio. **A Administración resposta que están traballando nesta liña.**
 - Demandamos a convocatoria de prazas sometidas a convenio, asesorías e aquelas convocatorias que aínda non pasaron por Mesa.
 - Demandamos que se aborde a modificación e actualización de catálogos.
 - Demandamos explicacións sobre as incidencias nas probas diagnósticas. **A Administración resposta que según AMTEGA os problemas do primeiro día foi unha cuestión técnica e non por falta de instrucións.**
 - Traslados a demanda da EEI Concepción Crespo Rivas da cobertura dunha praza de PT que non foi cuberta no CXT.